

CONVOCATORIA 2026 APOIO Á MOBILIDADE DO PERSONAL INVESTIGADOR ECOBAS

O Centro de Investigación Interuniversitario Economics and Business Administration for Society (ECOBAS), é un centro de investigación interuniversitario no ámbito da economía e a empresa que desenvolve a súa actividade especificamente no eido da sostibilidade económica, social e ambiental para tratar de dar resposta aos desafíos actuais a través da investigación, a transferencia de coñecemento, a innovación e a docencia, captando e potenciando o talento investigador con capacidade de liderado científico.

Para tales efectos, a Dirección de ECOBAS acorda publicar en réxime de concorrencia competitiva a **Convocatoria 2026 de Axudas ECOBAS de mobilidade de personal investigador**, co obxectivo de co-financiar os desprazamentos do personal investigador membro do Centro de Investigación Interuniversitario **ECOBAS**, que non contén con outra fonte de financiamento e que se realicen ou que tivesen lugar entre o 1 de marzo de 2026 e o 30 de setembro de 2026, promocionando o desenvolvemento das liñas estratéxicas da Axenda Científica de ECOBAS e contribuíndo ao impulso da proxección e prestixio científico de **ECOBAS** como centro de investigación.

BASES E CONVOCATORIA

1. OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto co-financiar os desprazamentos fóra de Galicia de personal investigador membro de ECOBAS, que non contén con outra fonte de financiamento e que se realicen ou que tivesen lugar entre o 1 de marzo de 2026 e o 30 de setembro de 2026 co fin de:

- Participar activamente en congresos científicos nacionais ou internacionais.
- Realizar estadias curtas para actividades de investigación.

- Asistir e participar en actividades formativas de curta duración, relacionado cos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan de Acción de ECOBAS.

Ditas accións e desprazamentos, fomentarán unha investigación de excelencia en economía, que poida facilitar a transferencia de resultados científicos:

OE1. Exercer un liderado científico no estudo da sustentabilidade a través da diferenciación, a especialización, e a investigación de fronteira.

OE2. Captar e potenciar o talento investigador con capacidade de liderado científico.

OE3. Fomentar e potenciar a formación de calidade e a súa internacionalización.

OE4. Promover unha maior visibilidade, posicionamento e recoñecemento internacional.

OE5. Acadar un maior impacto e proxección económica e social.

OE6. Posicionar a ECOBAS como centro de referencia na investigación en sustentabilidade.

2. MODALIDADE

Nesta convocatoria, contamos con dúas modalidades:

- a) Axudas para os desprazamentos do persoal investigador júnior e sénior membro de ECOBAS, co fin de financiar viaxes para asistir a xornadas técnicas, informativas, obradoiros de escritura e outros eventos relacionados (Info Days, Brokerage Events, Network Days, entre outros) que fomenten a participación activa do noso persoal investigador en proxectos europeos ou internacionais altamente competitivos.
- b) Axudas para os desprazamentos do persoal investigador júnior e sénior membro de ECOBAS, co fin de financiar viaxes para asistir a congresos, seminarios, obradoiros, conferencias, cursos de formación especializada e visitas preparatorias para colaboracións ou eventos que contribúan á visibilidade e ao recoñecemento de ECOBAS, e que fomenten a participación activa do noso persoal investigador en proxectos autonómicos, nacionais, europeos ou internacionais altamente competitivos.

3. SOLICITANTES

Poderá participar nesta convocatoria o persoal investigador membro de ECOBAS.

4. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS DAS AXUDAS

Financiaranse con cargo a estas axudas unicamente os gastos efectivamente realizados derivados de desprazamentos e inscricións nos eventos previstos que se realicen nas datas indicadas no punto 1, sempre que non conten con outra fonte de financiamento e que se realicen ou que tivesen lugar entre o 1 de marzo de 2026 e o 30 de setembro de 2026. Os gastos de manutención non son elixibles.

5. DOTACIÓN ECONÓMICA

A contía inicial dispoñible é de 10.000 €, imputada na partida 0599241061 541A 6490208, financiada con fondos FEDER procedentes das axudas para a concesión da acreditación de excelencia e para o apoio aos centros de investigación do SUG.

No caso de esgotamento do crédito inicial dispoñible, a Dirección de ECOBAS, co fin de poder financiar o maior número posible de solicitudes, poderá, sen necesidade dunha nova convocatoria, liberar máis crédito para a mesma finalidade, aumentando a contía inicial dispoñible, que será asignada segundo a orde de prelación que figure na listaxe de agarda.

A distribución das axudas realizarase de maneira proporcional ao número de solicitudes recibidas, e o pagamento efectuarase ás persoas beneficiarias unha vez recibidos os xustificantes dos gastos derivados da viaxe e inscrición. En ningún caso o importe da axuda poderá superar os gastos realizados.

6. FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A presentación de solicitudes realizarase mediante o envío, por parte da persoa solicitante, dun formulario por cada desprazamento para o que se solicite financiamento

(Anexo I) ao enderezo de correo electrónico: ecobas@ecobas.gal, xunto coa declaración de axudas (Anexo II) e a documentación requirida segundo a tipoloxía do desprazamento a realizar.

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria na páxina web de [ECOBAS](#) e finalizará o día 15/09/2026.

A persoa interesada só poderá solicitar unha única axuda nesta convocatoria e deberá estar acompañada da seguinte documentación:

- ✓ Relación detallada dos gastos de viaxe derivados da actividade realizada, así como copia dos xustificantes (billetes de avión e tarxetas de embarque, billete de tren, tickets de autoestrada, xustificantes de repostaxe, se é o caso, etc..).
- ✓ Documento acreditativo da asistencia e participación no evento indicado, así como a memoria de realización de desprazamento (Anexo II)
- ✓ Indicar correctamente na inscrición a congresos, seminarios ou outros eventos a filiación, facendo constar tanto ECOBAS como a universidade de procedencia, así como indicala tamén na información pública do evento (web, programa impreso, etc.).

7. CONCESIÓN E NOTIFICACIÓNS DAS AXUDAS

O órgano competente para a concesión das axudas será a Comisión de Avaliación e será o encargado de ditar a resolución de adxudicación das axudas, así como a listaxe de agarda.

Periódicamente publicarase unha resolución provisional de persoas admitidas e excluídas na páxina web de [ECOBAS](#), con indicación das causas de exclusión.

As persoas solicitantes excluídas disporán dun prazo de cinco días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión. Se transcurrido o devandito prazo non se emendou a solicitude entenderase por desistida da súa petición.

Poderanse realizar as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación oficial.

Contra esta resolución, as partes interesadas poderán presentar unha solicitude de revisión da avaliación mediante correo electrónico dirixido a ecobas@ecobas.gal, no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación da resolución na páxina web de [ECOBAS](#). A persoa solicitante será convocada para recibir información adicional sobre a avaliación realizada pola Comisión de Avaliación.

Se despois da revisión procedese, á modificación, farase unha modificación da proposta da Comisión de Avaliación. De existir crédito dispoñible no momento da resolución definitiva, éste será asignado segundo a orde de prelación que figure na lista de agarda.

8. SELECCIÓN DAS PROPOSTAS

As solicitudes admitidas serán obxecto de avaliación por parte da Comisión de Avaliación das solicitudes presentadas, a cal será elevada á Dirección do Centro e publicada na páxina web de [ECOBAS](#), e deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Presentar un certificado de asistencia e participación do evento, no que figure a súa vinculación co Centro de Investigación ECOBAS.
- b) Facer constar na inscrición a filiación, tanto a ECOBAS como a Universidade de procedencia, así como no programa do evento.
- c) Realizárase a comprobación de que o persoal investigador membro do centro cumpra co compromiso de afiliación, empregándoa na súa produción científica (artigos, publicacións, conferencias, presentacións...).

9. COMISIÓN DE AVALIACIÓN

A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros de ECOBAS:

- Presidencia: María Loureiro García.
- Secretaría: Emma María Iglesias Vázquez.
- Vogal: Pablo Cabanelas Lorenzo

Os membros da Comisión de Avaliación absteranse de intervir cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No caso de concorrencia de circunstancias que xustifiquen a abstención de intervir no procedemento de avaliación dalgunha solicitude/s por parte dalgún dos membros da Comisión de Avaliación, esa/s solicitude/s serán avaliadas polo membro homónimo da Comisión de Avaliación Suplente integrada por:

- Presidencia: Isabel Neira Gómez.
- Secretaría: Jesús López Rodríguez.
- Vogal: Miguel González Loureiro

10. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DOS GASTOS

Os gastos financiados mediante esta axuda tramitaranse dende a unidade de xestión de ECOBAS, comprometéndose as persoas beneficiarias a facilitar os datos (Anexo I) e entregar a memoria do desprazamento (Anexo II), así coma os documentos xustificativos correspondentes.

Os gastos financiados deberán estar debidamente xustificados mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, de acordo coas obrigas de facturación e cos requisitos para a tramitación de custos que a Universidade da Coruña teña vixentes.

O importe dos gastos financiados que figure na factura ou documento contable de valor probatorio equivalente presentado como xustificante de gasto non poderá exceder as contías máximas financiadas segundo concepto.

Para a xestión económica dos gastos, poderase contactar en calquera momento coa unidade de xestión de ECOBAS para solicitar asesoramento e/ou apoio na tramitación. Prégase que, no caso de precisar soporte por parte da unidade de xestión, se contactese coa máxima antelación para garantir o cumprimento do servizo. Para máis información sobre o procedemento de tramitación ou no caso de calquera dúbida, contactar sempre antes coa unidade de xestión de ECOBAS.

11. INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas propias para persoal de ECOBAS son incompatibles con calquera outra axuda de entidades públicas e privadas para a mesma finalidade e/ou período que financie o desprazamento ou o custo total da viaxe. Sen embargo, ao tratarse dunha axuda de financiamento parcial, poderá completarse con cargo a outras fontes de financiamento, como outras axudas ou subvencións, proxectos de investigación, outros ingresos ou recursos, sempre que o importe, en ningún caso, sexa de tal contía que, illado ou en concorrencia con outras fontes de financiamento, supere o custo total da actividade financiada. Para isto, a persoa beneficiaria deberá acreditar documentalmente os gastos realizados.

12. PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA E TRATAMENTO DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD"), e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que se facilitan na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade de ECOBAS, coa finalidade de xestionar a Convocatoria 2025 de Axudas ECOBAS para a mobilidade, e amparados pola Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, tecnoloxía e innovación.

Coa súa participación nesta convocatoria, as persoas interesadas autorizan a ECOBAS para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e

transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de axudas. Non obstante, co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá ser comunicada á persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

Mediante o cumprimento do formulario de recollida de datos persoais, a persoa participante consinte expresamente o citado tratamento aos efectos de cumprir coa descrita finalidade e terá o dereito a retirar o devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

A persoa participante ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

13. RENUNCIAS, INCUMPRIMENTO, DEVOLUCIÓN E SANCIONES

A renuncia á asignación concedida farase mediante documento escrito (Anexo III) no que se indiquen os motivos da renuncia, dirixido á Dirección de ECOBAS, quen ditará a resolución correspondente.

O incumprimento das obrigas contidas nesta convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver total o parcialmente as axudas percibidas.